

# 3rd International BiFeGa Colloquium



## *Entallar as palabras – Literatura - Cultura - Tradución*

14-16 de outubro de 2024  
FFT-UVigo | Salas C11 e C12

Inclúe o seminario aberto:

*A teatralidade e a escrita  
contemporáneas como  
procesos de descolonización*

Sara Guerrero  
Rodrigo Herrera Alfaya

Asistencia virtual a través da Sala BiFeGa do Campus Remoto:  
<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/9862509602>  
Contrasinal estudiantado: UAdqm7W

## *Entallar a palabra – literatura, cultura e tradución*

**III Coloquio Internacional BiFeGa** | FFT-UVigo, 14-16 de outubro de 2024 | Salas C11 e C12

Asistencia virtual a través da sala BiFeGa do Campus Remoto: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/9862509602>

Contrasinal estudantado: UAdqrn7W

### **Programa**

#### **Luns, 14 de outubro, sala C11**

11:00 a 11:30

**Presentación do encontro**

11:30 a 14:00

**Proxectos de tese – desafíos e dificultades**

Responsable: [Burghard Baltrusch](#)

Descrición: Sesión informal de presentación de participantes e para dar a coñecer os respectivos proxectos de investigación, comentar dificultades e desafíos en grupo.

14:00 a 15:00 – **Xantar**

16:00 a 18:00

### **A teatralidade e a escrita contemporáneas como procesos de descolonización**

Responsables: [Sara Guerrero](#) e Rodrigo Herrera Alfaya

Descrición: Seminario aberto que ten a intención de compartir algunhas lecturas das estratexias de resistencia e das experiencias comúns que se constrúen desde a escrita migrante e as teatralidades latinoamericanas durante as últimas décadas do século XXI.

## **Martes, 15 de outubro, sala C11**

11:00 a 12:30

### **Obradoiro de textos e procesos de investigación**

Responsable: Rodrigo Herrera Alfaya

Descrición: Sesión de traballo colectivo sobre textos literarios. O obxectivo é crear un espazo onde se comenten e revisen de modo participativo algúns dos textos escritos en diferentes proxectos de investigación.

12:30 a 14:00

### **Cabezas de tormenta, surrealismo y contracultura en la transición española: Blanca Andreu y Xela Arias**

Responsable: [Noemí Garrido Anierte](#)

Descrición: Propuesta de definición de contracultura, sus conexiónes con el surrealismo y estudio comparativo de dos obras transicionales: *De una niña de provincias que se vino a vivir en un Chagall* (1981) de Blanca Andreu y *Denuncia do equilibrio* (1986) de Xela Arias.

14:00 a 15:00 – Xantar

16:00 a 17:30

### **Feminismos interseccionais: raza, xénero e clase na literatura anglófona contemporánea**

Responsables: [Sara Tabuyo Santaclara](#), [Alba Zels Garrido](#) e [Iago Rodríguez Diéguez](#).

Descrición: Neste encontro analizaremos unha selección de textos da literatura anglófona contemporánea localizados en contextos poscoloniais dende unha perspectiva feminista interseccional. As intervencións centraranse en diferentes aspectos que se tratan nas obras seleccionadas.

## **Mércores, 16 de outubro, sala C12**

11:00 a 12:30

### **Obradoiro de textos e procesos de investigación**

Responsable: [Sara Guerrero Alfaro](#)

Descrición: Sesión de traballo colectivo sobre textos literarios. O obxectivo é crear un espazo onde se comenten e revisen de modo participativo algúns dos textos escritos en diferentes proxectos de investigación.

12:30 a 14:00

### **Oficina: “Animalidade na poesía de mulleres portuguesas contemporâneas”**

Responsable: [Helena I. Lopes](#) (ILCML, U. Porto; BiFeGa, U.Vigo)

Descrición: A partir de Donna J. Haraway, Jean-Marie Schaeffer e António Damásio, procura-se dinamizar um debate sobre a especificidade do sujeito lírico, como se inscreve este na história do poesia contemporânea, e que consequências acarreta o

seu polimorfismo para as ciências sociais, assim como o seu parentesco com a subversão de relações de poder. Trabalhar-se-á, principalmente, com textos de Ana Luísa Amaral e Adília Lopes.

14:00 a 15:00 – **Xantar**

16:00 a 18:00

### **A teatralidade e a escrita contemporáneas como procesos de descolonización**

Responsables: [Sara Guerrero](#) e Rodrigo Herrera Alfaya

Descrición: Seminario que ten a intención de compartir algunhas lecturas das estratexias de resistencia e das experiencias comúns que se constrúen desde a escrita migrante e as teatralidades latinoamericanas durante as últimas décadas do século XXI.

Organización:

Burghard Baltrusch, María Platas e Rodrigo Herrera Alfaya

[Grupo de investigación BiFeGa](#) | [Feminario](#) | [I Cátedra Internacional José Saramago](#) | [Programa de Doutoramento en Estudos Literarios](#)

O **grupo BiFeGa** componse de 7 liñas de investigación en Estudos Literarios e Culturais (en galego, inglés e portugués); en Estudos de Tradución e Interpretación (en alemán, castelán, francés, galego e inglés); así como en Estudos Feministas e de Xénero. Alén dunha aposta pola divulgación e educación científicas, a igualdade e participación cidadá, BiFeGa tamén se caracteriza pola súa interdisciplinaridade e coherencia, cos Estudos de Xénero, os Estudos de Tradución e os Estudos Culturais como ámbitos temáticos e metodolóxicos transversais:

1. **Feminario de investigación I: Estudos da globalización** (IP: Belén Martín Lucas). Estudo interdisciplinario da produción cultural no contexto da globalización, empregando metodoloxías dos estudos decoloniais, feministas, teorías dos afectos e do posthumanismo crítico, con especial atención ao tratamento da diferenza nas culturas globalizadas, a hexemonía da cultura anglófona, e a circulación doutros produtos culturais mediante a tradución. Dirixe o proxecto financiado [«Communitas/Immunitas: ontoloxías relacionales en las culturas atlánticas anglófonas del siglo XXI](#) (IP: Belén Martín Lucas).
2. **Feminario de investigación II: Feminismos e Resistencias:** (IP: Aida Rosende Pérez). Estudo das teorías feministas, poscoloniais, decoloniais e análise crítica desde a intersección destes marcos da produción cultural anglófona (literaria, audiovisual e outros formatos da cultura popular).
3. **GAELT I. Estudos Literarios Galegos** (IP: Manuel Fernández Álvarez). Estudo da tradición literaria galega a partir de perspectivas sincrónicas como diacrónicas, analíticas como sintéticas, e das súas interrelacións sociolóxicas, tradutolóxicas e de estudos de xénero, promovendo a internacionalización dos Estudos Galegos. A través da **Fundación Rosalía de Castro** (presidente: Anxo Angueira, membro de BiFeGa), esta liña incide tamén nos Estudos Rosalianos e nos Estudos Medievais Galego-Portugueses, a través da colaboración co proxecto financiado Universo Cantigas.
4. **GAELT II. Estudos Lusófonos e de Tradutoloxía / I Cátedra Internacional José Saramago** (IP: Burghard Baltrusch). Documentación e estudo das literaturas lusófonas contemporáneas, así como da poesía actual en lingua portuguesa e galega. Incide tamén nos Estudos Saramaguianos e promove a cooperación entre Galicia e o mundo lusófono. Concluíu este ano o proxecto financiado [“Poesía actual e política II: conflito social e dialoxismos poéticos \(POEPOLIT II\)”](#).
5. **BiTraGa: Panorama e Desenvolvemento da Tradución en Galicia** (IP: Silvia Montero Küpper). Documentación e estudo das traducións dende e cara ao galego nun [Catálogo dixital da tradución galega](#) que serve de modelo para outros catálogos dixitais dentro e fóra do Estado español. A partir desta base de datos xurdiron xa os máis diversos intercambios científicos internacionais, con estudos e aplicacións nos Estudos de Tradución, Estudos Literarios e Culturais.
6. **Linkterpreting: Estratexias para a mellora da formación e do exercicio profesional** (IP: Maribel del Pozo Triviño). Estudos de interpretación relacionados cos servizos públicos no ámbito xudicial e con persoas vulnerables. Análise da interpretación como dereito humano e os seus respectivos ámbitos asistenciais en ONGs. Creación de condicións para unha mellora da formación e do exercicio profesional, da comprensión intercultural e poscolonial, da Tradución Cultural e dos Estudos de Xénero.
7. **Terminoloxía** (IP: Iolanda Galanes Santos). Estudo do comportamento e tratamento terminolóxicos en contexto de mediación lingüística, da variación terminolóxica, neoloxía e avaliación de fontes terminográficas. Produción de repertorios terminográficos en colaboración con entidades internacionais (UE Yourterm.eu – Terminology without Borders, Realiter | Realiter, Canadá e Brasil), incluíndo aspectos dos Estudos Culturais e de Xénero.